

Entrevista vital a José Ángel Valente: de Ourense a Oxford

CLAUDIO RODRÍGUEZ FER
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

Poeta universal e poeta galego, ensaísta da modernidade internacional e narrador de antropolóxica memoria galaica, Valente é un intelectual absolutamente vivo e, por isto, absolutamente estranxeiro, como Hölderlin ou como Rosalía, sempre coas raíces na última fronteira. Nacido en Ourense en 1929, estudou nas Universidades de Santiago de Compostela e Madrid, e, tras facer o servizo militar en Ceuta, integrouse na Universidade de Oxford. Destes tempos e espazos da súa nenez e xuventude, absolutamente decisivos na súa vida e obra, ocuparémonos na entrevista que segue.

MOENIA– Comecemos polas orixes familiares. ¿Quen eran os teus avós paternos e maternos?

JOSÉ ÁNGEL VALENTE– Ós meus avós paternos non os coñecín, porque morreron na gripe famosa do dezaoito. Vivían na Rúa da Paz de Ourense, fronte por fronte da casa do Xocas, o etnógrafo Xaquín Lorenzo, que viviu alí deica a súa morte. El coñeceunos e por iso unha das persoas que máis me falou dos meus avós foi o Xocas, ó que eu quería moito. Eses meus avós eran un recordo da familia e formaban, sobre todo, parte do rosario familiar que se rezaba en común e que dirixía a miña madriña, a miña tía Lucila, que era a xefa do clan. Sempre había unha parte do rezo, despois das letanías, que era máis longa có rosario, porque se empezaba a rezar polos mortos nominalmente. Aquelo duraba moitísimo e, ó final, cando xa pensabamos que estabamos no fin do rezo, aínda quedaba sempre un “Padrenuestro” e unha “Ave María” por unha cousa que se chamaba a ánima soa, que era a ánima que, a pobriña, estaba no purgatorio e que non tiña quen rezase por ela. A cousa impresionoume moito porque moitos anos máis tarde, en México, onde o culto dos mortos é moi forte, vin que había representacións da ánima soa e que lle chamaban así, a ánima soa. Eu crin que aquilo era unha cousa familiar, pero non o era, pois no mundo mexicano había tamén a imaxe da ánima soa, moi coitadiña, que estaba no Purgatorio. Entón, os meus avós paternos forman parte dese mundo dos mortos xa dende a miña infancia.

Por contra, coñecín os meus dous avós maternos. O meu avó tivo unha grande incidencia na miña vida. Era médico rural e vivía sempre na aldea. El malquería moito

as señoritas de Ourense, non lle gustaban nada, e, sobre todo, non lle gustaba nada a familia da súa muller. Montaba a cabalo —para nós era un personaxe mítico— e tiña uns cabalos preciosos. Ademais, na súa época, os cabalos corrían máis cós coches. Nunha volta que el ía a cabalo, pasaron nun coche e pitáronlle por facerlle unha broma. O cabalo encabritouse e o meu avó botou o cabalo ó galope, adiantou o coche, parou, fixoos baixar coa pistola na man —os médicos nesa época ían armados porque tiñan que pasar polo monte, pola serra—, fíxoos baixar e pedirlle perdón. Por todo isto foi un personaxe que eu evoquei, evoquei a súa morte en galego e en castelán, e o poema “Hombre a caballo” está dedicado a esta figura. Ademais, nun mundo onde se falaba moito de política, el non falaba nada, nin falaba de relixión. El era un home caladísimo e a min impresionábame moito por iso. Era moi elegante, era un home alto, entón, ese é o personaxe forte da miña infancia. Morreu moi novo, era un home de cincuenta e tres anos cando morreu. A miña avoa viviu moito tempo despois, era unha muller moi simpática que tiña casado dúas voltas e con dous médicos e levou os dous por diante.

M.— ¿Presenciaches realmente o pranto ritual, que aparece aludido tanto na túa poesía en castelán como en galego, con motivo da morte deste avó?

J. A. V.— O pranto ritual non, porque en realidade aquel pranto foi un pranto espontáneo que as mulleres lle fixeron ó meu avó. El era médico de Paderne, alí morreu e eu fun ó seu enterro. Foi a primeira vez que vin un morto, na miña familia, de corpo presente. Quedei moi impresionado, non puíden durmir en toda a noite. Despois, era unha cousa que tamén se facía ritualmente, houbo un reparto dos obxectos da súa pertenza entre os amigos. Dábanselles recordos: o reloxo, a pluma estilográfica, os anteollos... Cando se formou a comitiva —porque o trasladaron de Paderne a San Ciprián de Viñas, onde el tiña a casa familiar—, as mulleres do pobo fixéronlle o pranto e ían detrás dos coches, que saíran moi a modiño para darlle tempo á xente que acompañaba ó médico. Querían moito, porque era un home que vivía na aldea e que vivía moito coa xente do pobo, levábase moi ben con eles. El era de alí, pertencía a ese mundo máis có mundo da capital. Esas mulleres, lémbrome ben, ían detrás dos coches dicindo: “¡Ai don Benjamín!, que curou o meu Fulaniño —o marido, poñamos por caso— e agora que imos facer que non está, quen nos vai curar!”. Despois empezaba outra, facía, tamén, o seu pranto e dicía: “¡Ai!, que curou o meu fillo cando tivo a cousa da garganta, e, agora, quen se vai ocupar de nós...”. A min impresionoume moitísimo. Choraban por el e facíanlle o pranto dunha maneira espontánea. Foi a única vez que eu vin iso. Tiña, exactamente, catorce anos, ou sexa que foi para min unha cousa moi forte. Xa era o comezo da miña adolescencia, pero, de todos modos, era bastante novo para que iso me marcara moitísimo. Despois, houbo o enterramento en San Ciprián de Viñas, no adro da igrexa. Viñeron moitos cregos de todos os sitios, médicos, xuíces... Logo houbo unha comida, que durou cinco ou seis horas, na casa do meu tío, que era o marido da irmá do meu avó e que era o médico de Taboadela. Era unha familia de médicos.

M.— ¿Cal foi a túa vivencia da Galicia rural?

J. A. V.— Todo isto, como ves, quere dicir que eu estiven, durante un período moi longo, moi inmerso na vida de Galicia. Ademais, cando iamos á aldea (a Cambeo, a San Ciprián de Viñas ou a Paderne...) —entón non iamos ó mar, ó mar ían os ricos, pero nós eramos moitos e iamos á aldea—, viviamos moito no mundo rural galego. Na cidade había unha censura, había unha censura da lingua. Incluso, na túa familia dicíanche: “non fales en galego que é unha grosería”, iso era o que se dicía. Dende logo, tamén había unha censura dende o punto de vista dos costumes e, sobre todo, da vida sexual, de tal xeito que eu a primeira vez que vin unha muller espida foi na aldea, porque, alí, as mulleres non se tapaban, non se recataban, non tiñan medo. Entón, eu quedei deslumbrado e quedei deslumbrado para sempre, aínda non me pasou o deslumbramento.

M.— Fálanos dos teus pais.

J. A. V.— A miña nai casou moi nova e veu á casa que xa estaba feita, onde o meu pai vivía coas dúas primas. Unha delas era Lucila, a outra chamábase Nieves e levaban o nome de dúas tías de Ramón Otero Pedrayo, que vivían enfronte da casa, non sei por qué levaban o nome nin que relación había entre eles. Nieves morreu cando eu era moi pequeno e o meu pai sentiuse obrigado a ter a prima que quedou viva na casa, a non deixala soa, porque elas tiñano acompañado cando el estaba só. Esta muller, Lucila, quedou alí e era a xefa da familia. Entón, a miña nai tivo un papel un pouco secundario. Eu sempre recordo a miña nai embarazada, era unha muller nova, xogaba connosco e era case como unha irmá. A miña nai non é a miña figura materna, a miña figura materna é a miña tía Lucila e iso marcou moito a miña nai. A miña nai sempre foi unha muller un pouco introvertida, metida en si mesma. O meu pai traballou moito tempo nun almacén de ferros que era dunha familia moi coñecida de Ourense, a de Francisco Villanueva. Era un home que vivía doutro sitio que se chamaba Zarauz e que morreu en Ourense. O meu pai era apoderado dese negocio. Non era un home de letras, era respectuoso coa cultura, pero el non era un gran lector, facía un pouco de pintura. Era un home educado, pero non era un home dedicado á literatura nin ás artes, aínda que pintase un pouquiño.

M.— ¿O teu pai viviu a guerra civil tan dramaticamente como reflectes no texto sobre Pimentel?

J. A. V.— O meu pai tiña votado á Segunda República, pero el era un home máis ben de dereitas. O reflexo do meu pai nos anos da guerra civil é o que está no texto que escribín sobre Pimentel. El tivo unha gran fidelidade á súa amizade coa xente que estaba presa e mantívoa. Creo que tivo unha grande dignidade e que a mantivo a custa de ser arrestado. Arrestárono nun cuarteliño que xa non existe e que estaba ó lado do antigo Goberno Civil. Era o cuarteliño dos Cabaleiros de Santiago, que eran as falanxes da segunda liña, ás que pertencía o meu pai, pois a xente de dereitas que pola idade non ía á fronte formaba esas falanxes. Os que non eran moi vellos, e o meu pai

non o era, podíanos chamar, como foi chamado o meu pai, a facer sacas. Facíanas de noite e mataban a xente á luz dos faros dos coches. Coma el sabía iso, negouse, e por iso foi arrestado.

M.— ¿Por que representa Lucila Valente a figura materna na túa infancia e por que aparece en tantos dos teus poemas?

J. A. V.— Eu estaba sempre con ela, de tal xeito que eu nunca fun ós campamentos, ós que fan todos, do “Frente de Juventudes”, ós campamentos dos “flechas”, que era como se chamaban os nenos, os “flechas” e “pelayos”, porque ó principio lles chamaban “balillas”, pero, despois, como iso era unha terminoloxía italiana —porque o noso fascismo foi á italiana, non á alemana—, substituíuse. Ela, a min, coidábame moito e non me deixaba ir ós campamentos porque dicía que como ía ir a eses sitios un rapaz tan delicadísimo coma min, e tan fino e tan espiritual. De maneira que eu estaba sempre coas mulleres e, en vez de ir ós campamentos, ía ás reunións das señoras da novena da Virxe Milagrosa, a Santa María Maior. Alí se reunían e alí se seguen reunindo, pois, parece que a novena séguese celebrando en Santa María Maior. Nesa época, ademais, estaban na igrexa os paúles, que agora xa non están. Eu, pois, ía con ela, ía á praza de abastos con ela a facer a compra, andaba atado ás súas saias e durmía con ela. Despois, cando fun xa un pouco maior, durmía nunha cama propia, pero no cuarto dela. Ou sexa que eu fun educado entre mulleres e, posiblemente, a miña diferenciación vén diso, de que vivín moito con mulleres e iso distinguíume. Podía terme levado por outro camiño, pero eu sentía e apreciaba moito iso. Creo que esa educación entre mulleres, sobre todo a dependencia afectiva da miña tía madriña, fomentou en min valores que, normalmente, sobre todo nesa época, negábanse nos nenos: todos os valores de sensibilidade e todo iso, pois se un neno daba unha proba, unha mostra diso dicíase que parecía unha nena. Entón, claro, no neno matábanse os valores femininos dos que o home ten que ser portador. Coma eu fun educado entre mulleres, creo que a esa educación lle debo os valores de sensibilidade, de imaxinación, que, na nosa cultura, están máis na muller que no home. Nese senso eu débolle moitísimo á educación que me deu ela. Para min foi unha persoa decisiva. Ela ocupouse de min deica o momento en que morreu. Lémbrome que cando marchei para Madrid, despois de facer o primeiro ano en Santiago, ela fíxome a maleta, xa na cama. Xa estaba moi enfermíña, a pobre, puxéronlle a maleta alí, porque sempre me facía a maleta. Por iso eu non sei facer maletas, iso é unha cousa que me acostumou mal, entón, sempre teño que ter unha madriña que me faga as maletas.

M.— ¿Cómo foi a relación cos teus irmáns?

J. A. V.— Eu era o maior dos meus irmáns, e, por iso, era un exemplo pesante e molesto. Xa lle teño pedido perdón ós meus irmáns polo moito que os fixen sufrir con esa historia. Eramos sete, catro homes e tres mulleres. Hai tres irmáns que están en Chile, onde está agora a miña nai. Foron bastante novos para aló, porque na posguerra a vida era moi difícil. Teño outras dúas irmás en Ourense e en Vigo, e, despois, hai outra,

que é a pequena, á que eu lle leve trece anos. Casou cun chileno, está en Nicaragua, na cooperación técnica. Eu teño moita relación con dous dos meus irmáns de Chile e moitísima relación coas miñas irmás, coas de Galicia, non coa outra. Hai un terceiro que tamén está en Chile, co que non teño moita relación porque o feito de ser irmán ten que confirmarse despois, co nacemento, sobre a relación do sangue, dunha relación de amizade, e eu non podo ter unha relación de amizade con este irmán do que falo porque é un home de extrema dereita e entón, claro, non podo falar con el.

M.— ¿Que relación tiñades con Basilio Álvarez e coa súa familia?

J. A. V.— A miña vocación, creo que iso xa o contei, veu do feito de que as irmán de Basilio Álvarez levaron parte da biblioteca de Basilio Álvarez á miña casa, entón, eu debo moitísimo a esa biblioteca. Basilio marchou para o exilio, sendo republicano, pero deixou alí a biblioteca, deixou o veneno e o veneno bebino eu. Esa foi a herdanza que me deixou Basilio. Eu non sei de certo que relación había entre as dúas familias, pero debía haber algunha porque o segundo apelido da miña tía Lucila era Rodríguez e o segundo apelido de Basilio Álvarez era Rodríguez tamén. Cando morreu a miña tía Lucila, a que veu a amortaxala foi Elisa Álvarez. Chegou alí, amortaxouna e desapareceu, pero foi ela a que se encargou de amortaxar a miña tía.

M.— ¿Que recordos tes da túa educación?

J. A. V.— Nós eramos unha familia numerosa e alí non estudiaba ninguén, só estudiaba eu. Entón, claro, o meu pai fixo unha cousa, que non se pode facer, que era que lle poñía por exemplo ós meus irmáns o meu comportamento. Eu creo que os meus irmáns non estudaron porque eu estudiaba, e que eles, para diferenciarse, non estudiaban e pensarían que eu era un carallán que os tiña fastidiados. Eu estudiaba porque me divertía, ademais, cando eles crían que eu estaba estudiando, o que estaba era pechado na habitación que chamaban o gabinete —non sei porque lle chamaban o gabinete, pero chamábanlle así—, que era onde estaba a biblioteca de Basilio Álvarez. É que eu, moitas veces, non estaba estudiando, senón que estaba lendo libros, libros como un que lin, que me atraía moitísimo, que era *La figura humana en el arte*. Era un libro que tiña fotografías de cadros clásicos da pintura e, despois, tiña fotografados os modelos reais. Todo iso fíxome descubrir o corpo, que na pintura só está idealizado, pero, alí, estaba o corpo masculino e feminino. Entón, eu, claro, aí descubrín un mundo que fóra da biblioteca estaba pechado, estaba censurado, non se podía falar nada diso. Eu gardaba moito silencio. Evidentemente, era un neno un pouco esquizoide, porque tiña que presentar unha face distinta para fóra e tiña outra para dentro. Para fóra considerábanme, pois, como un santo, crían que era boísimo. Iso tíñame divididísimo e tivo que pasar moito tempo para que eu me convencera de que o corpo e o espírito eran a mesma cousa, que non había diferenza. Pero, naquela época, como as prédicas que eu oía na igrexa e todo iso eran distintas, sufría moito, porque me poñían como exemplo a todo o mundo: este rapaz que estudia tanto, que sabe tanto, ¡ai que bo é!, e como reza... Eu sabía que non, que era malo, ademais, estaba

completamente convencido de que estaba condenado, porque, nesa época, e isto é moi interesante para coñecer a formación dun neno desa época, líanse moito os libros dun crego húngaro que se chamaba monseñor Tihamer Toth. Eses libros eran *El joven y Cristo, El joven y la pureza*. Tamén había outra serie que era para as mulleres e que se chamaba *La joven y Cristo, La joven y la pureza*. O que faciamos nós era ler os libros feitos para as mulleres, para ver se nos enterabamos de algo. Este señor, que era un home funesto, que representaba unha educación funesta, explicaba que o pecado sexual era unha cousa castigadísima, mais non explicaba en qué consistía o pecado sexual. Nós, o único pecado sexual que coñeciamos era o instintivo, pois que de repente o órgano sexual poñíase duro e que se o fricciónabas dábache gusto, entón, veña a fricciónar aquilo. Pero non pasabamos máis alá e iso só o sabiamos por experiencia. Este señor contaba que o que caía no pecado sexual collía enfermidades terribles, por exemplo, a sífilis, e explicaba os síntomas, por exemplo, que caía o cabelo. Eu, moitas veces, refregaba un ollo e caía unha pestana e, ben, entón dicía: “¡coño!, xa teño a sífilis”. Era unha educación espantosa. Pero isto é interesante, porque a xente nova non sabe o que vivimos os que eramos pequenos no momento da posguerra. Era un mundo terrible, onde non había nada, e, dende logo, o que significou para min esa biblioteca foi unha fuga, unha apertura de mundos, un horizonte. Eu non xogaba, ó mellor chamábanme para xogar ó fútbol, pero eu que ía ir xogar ó fútbol se alí estaba metido nun mundo que me divertía moito máis. Pero a xente nova non sabe o que foi isto. Foi unha educación que podías quedar parvo para toda a vida ou superala.

M.— Fuches un neno da guerra, como testemuñan moitos dos teus textos, en prosa e en verso, pero ¿de qué modo fuches consciente do que ocorría?

J. A. V.— Todo iso produciuse nun mundo infantil, pero o certo é que os nenos preciben moitas máis cousas das que os maiores poden crer. Eu fun crecendo e recollendo datos e elementos que facían que non chegase a comprender por qué as persoas da miña familia eran tan boas e me querían tanto, e eu queríaas a elas, pero non podía estar de acordo con elas. Non podía estar de acordo con elas instintivamente, eu non tiña unha razón ideolóxica, pois ninguén me formou ideoloxicamente, pero eu sentía, cada vez máis, unha división. Iso dábame moita pena porque separábame un pouco, ou moito, das persoas que eu amaba máis. Nese senso, a única persoa da miña familia que para min tiña unha entidade, porque non me falaba de Deus nin de historias políticas daquel tempo, era o meu avó. Tiña unha dignidade especial e por iso respecto tanto a figura deste personaxe. Foi andando o tempo e eu escribín un poema que se chama “Lugar vacío en la celebración”. Entón eu, neno exemplar, neno que levaba “matrículas de honor” no Instituto, neno que ía facer unha carreira..., estaba destinado a asumir un destino que non asumín. Eu renunciei ó lugar que para min tiñan reservado os que proxectaban a miña vida: o meu pai, que quería para min o mellor, pero o mellor que eles querían xa, para min, non era o mellor. Entón, chegou un momento, cando eu terminei a carreira en Madrid, que sentía o afogo da vida

española e marchei por afogo, non marchei por razóns ideolóxicas porque ninguén mas dera, ninguén me formara. Por iso, eu digo nese texto no que evoco a Pimentel que eu ollei os roxos presos no mosteiro de Oseira e que eles me ollaron a min, e que algo debeu traspasarse aí, porque o certo é que eu fun un roxo instintivo. Despois, cando saín fóra empecei a ver criticamente a situación española, que xa sentía que era irrespirable, pero empeceina a ver intelectualmente. Xa na Universidade de Oxford comecei a ter trato cos profesores ingleses, con xente inglesa que fora á guerra civil, empezaron a falar dos que morreran, e establecín unha relación, que para min foi moi importante, con Alberto Jiménez Fraud, que estaba alí exiliado.

M.— ¿En que medida a formación católica da túa infancia afectou a túa vida e a túa obra adulta como substrato cultural?

J. A. V.— Eu creo que tivo unha influencia moi grande, porque aínda que esa formación católica estaba moi gravada polas formulacións do tempo e da relixión tal como se concibía na época da posguerra, dunha maneira moi dogmática, moi estreita, despois, cando perdín todo isto, deixou en min un pouso importante de lecturas que aproveitei e que nunca deixei. Era un neno. ¿Que se podía facer nunha capital como Ourense que, nesa época, tiña trinta mil habitantes? Pois ler e fuxir pola lectura, e tamén pola relixión, dun medio tremendamente depresivo. Isto era unha evasión que había ser unha evasión permitida e, en gran parte, fomentada. Por aí podía escapar do mundo, dese mundo organizado, político. Iso foi, pois, o que me fixo a min estar nese mundo, onde empecei a ler Santa Teresa, San Juan de la Cruz e, ben, é o que lle debo. Polo demais, tamén era un mundo dunha relixión moi mal interpretada ó que cheguei polo ambiente escolar, porque, como era un neno que estudiaba, os cregos buscaban nenos así, que lles parecera que tiñan futuro. Daquela eu estudiei cos xesuítas e despois, cando os xesuítas deixaron o colexio e xa tiña que estudar bachalerato, fun ó Instituto de Ensino Medio. Lémbrome que cando era pequeno cantábase unha canción no mes de maio que dicía: “Con flores a María, con flores a porfía, que madre nuestra es”. Entón, eu cría que María era unha persoa e que Porfía era outra, que aquela nosa nai era Porfía e que non se lle daba moita importancia. A min preocupábame moito a pouca importancia que se lle daba a Porfía e a moita que se lle daba a María. Iso é o que podo recordar deses primeiros momentos da miña adolescencia.

M.— ¿En que consistiu a presenza na túa vida do teu tío frade franciscano e do poeta e tamén franciscano Samuel Eiján?

J. A. V.— Nós tiñamos un tío que era frade franciscano, que se chamaba Francisco Valente, e que era moi amigo, aínda que, máis novo, doutro franciscano que era poeta e que viña moito á miña casa, Samuel Eiján, que era de Ribadavia, de por aí. O padre Samuel viña pola casa e, evidentemente, os libros del estaban na miña biblioteca, na biblioteca que era a biblioteca de Basilio pero, tamén, na que se depositaban tódolos libros. Había unha relación grande con el porque el tiña unha relación grande co meu tío. Esa relación con eles tivo unha certa importancia. A relación con Samuel Eiján

tivo importancia porque, en todo caso, el era un poeta e iso, para min, era importante. A relación co meu tío foi importante porque viviu sempre fóra: viviu en Chipre, viviu en Xerusalén... e cando voltou a España, eu descubrín que a Igrexa non era a Igrexa española, que a Igrexa de fóra era diferente porque non pensaba como os curas españois e, nese senso, descubriume horizontes que eu non sospeitaba.

M.— ¿O soneto “Momento”, editado en *Posío*, en 1946, o teu primeiro poema profano publicado, tiña motivación amorosa real ou puramente literaria?

J. A. V.— Xa ten unha motivación amorosa real. Nesa época tiña unha certa relación cunha rapaza de Ourense, da que teño un moi bo recordo. Ese poema, dalgún xeito, ten detrás a figura desa rapaza coa que, despois de marchar de Ourense para Santiago e logo para Madrid, a relación se fixo imposible. Pero eu sempre me lembro dela como se lembra a primeira relación amorosa —os amoríos primeiros son moi malos de olvidare, a raíz do toxo verde é moi mala de arrincare—. Non podó dicir se ela inspirou máis poemas que “Momento”, era moi novo, tiña dezasete anos. Sei que nesa época intentei escribir poemas de máis alcance, doutra estrutura, pero non os conserve. Foi, pois, unha etapa de aprendizaxe na que escribín cousas que xa non existen e que é mellor que non existan.

M.— ¿Cal foi o maxisterio intelectual que exerceu sobre ti Vicente Risco, sobre quen tes escrito e a quen dedicas o ciclo das *Cántigas de Alén* co cualificativo de “mestre”?

J. A. V.— Nese momento, en Ourense, había moitos personaxes: *Ben-Cho-Shey*, Florentino Cuevillas, o Xocas..., eu tiña relación con eles, pero había dous grandes personaxes do galeguismo que nese momento estaban moi censurados, que eran Otero Pedrayo e Risco. Eu sempre pensei que Otero Pedrayo era un home do século dezanove e, para min, Risco era o mundo das vangardas, o mundo que, despois, foi seguido por Manuel Antonio, por Rafael Dieste... Nese senso, Risco, a pesar dos coqueteos que tivo co nazismo —estivo en Alemaña e aquilo foi unha tentación que sentiron moitos intelectuais desa época—, sempre foi para min un exemplo e, dende logo, sigo crendo que é o escritor máis importante da modernidade galega, tanto en galego como en castelán.

M.— Fálanos das colaboracións en *La Noche*, onde publicaches un poema dedicado a Manuel Antonio e outro en galego, así como dos estudos universitarios compostelanos e da túa estancia en Santiago.

J. A. V.— Creo que publiquei o poema dedicado a Manuel Antonio cando aínda vivía en Ourense, non en Santiago. En *La Noche*, Antonio Couceiro Freijomil quixo facer un suplemento dedicado ós poetas ourensáns e, entón, pedíronme un poema. Fixen ese poema a Manuel Antonio porque tiña xa unha grande admiración por el. Despois, cando estaba en Santiago, creo que publiquei máis poemas en galego que “Finisterre”, pero non podó dicir se ó mellor os publiquei noutro medio. Daquela, eu vía a Couceiro Freijomil, leváballe á casa as colaboracións, foi un home que me atendeu

moi ben. Creo que me empecei a relacionar con Couceiro Freijomil por Risco e porque xa tiña publicado o poema a Manuel Antonio no suplemento de *La Noche*. Creo que foi Risco o que me deu a dirección del e o teléfono. Nese período non había outros contactos importantes. Lía moito pero non tiña contactos coa xente de letras, pois, á parte da relación que tiña con Couceiro porque lle levaba as colaboracións que publiquei en *La Noche*, non tiña outros contactos en Santiago. Ese ano que pasei en Santiago para min foi moi importante, marcoume moito, foi o encontro coa Universidade, estudei Dereito e escribín moito nesa época.

M.— ¿Eras consciente cando publicaches o poema “Finisterre”, que estabas sendo, probablemente, un pioneiro do cultivo do galego por parte dos poetas novos, posteriores á guerra civil?

J. A. V.— O meu contacto co galego era un contacto, por así dicilo, analfabeto. Era o contacto oral co mundo rural galego. Eu sentía que ese mundo era moi importante e non podía comprender que estivera calado, por iso escribín en galego. Ó mellor non comprendía o que estaba facendo, pero fixeno porque sentía que era a lingua que falaba a xente coa que eu vivía, cando estaba nos pobos galegos, e que os que a representaban e que eu tiña xa lido en galego (por exemplo Vicente Risco: *O porco de pé*, que é un libro que lín moi axiña), pois xa non a cultivaban: tiñan abandonado o galego. Eu crín que había aí unha presión ou unha represión, entón, instintivamente, eu escribín en galego para levantarme contra esa represión.

M.— ¿Por que vas estudar a Madrid?

J. A. V.— No curso que estiven en Santiago, 1947-1948, coñecín unha persoa —eu sempre tiveron moita sorte, porque nestes medios tan pechados do mundo da posguerra franquista, encontrei xente, e así como logo coñecín en Oxford a don Alberto Jiménez Fraud, pois coñecín en Santiago a un sacerdote galego que se chamaba Maximino Romero de Lema, que era das terras de Fisterra. Este home era un crego de vocación serodia, era un avogado e representaba xa un mundo de espiritualidade completamente diferente ó que eu tiña coñecido. Entón, este home estaba nun intento político promovido por certos políticos como Castiella e, particularmente, Ruíz Giménez, que era o intento de facer unha democracia cristiá española para modificar o réxime, ou sexa, xa se sentía a necesidade de modificar o réxime de Franco. Don Maximino Romero de Lema, que vivía fronte por fronte da miña casa, onde tamén vivía don Ulpiano Villanueva, díxome que tiña que ir a Madrid. Eu comenteille que o meu pai non tiña moitos medios e, entón, díxome que non me preocupara, que me ía levar ó Colexio Maior de Guadalupe, que dependía do Instituto de Cultura Hispánica, do que era director Joaquín Ruíz Giménez e que alí tería media bolsa. Así fun para Madrid, por intervención de Romero de Lema, ó que lle debo moito.

M.— ¿Onde te instalas e con quen te relacionas? ¿É alí onde coñeces a intelectuais galegos como Manuel Fraga Iribarne, Xesús Alonso Montero ou Uxío Novoneyra?

J. A. V.— Primeiro instaleime no Colexio de Guadalupe. Despois, cando cambiou de director e fixeron o director do Guadalupe, Antonio Lago Carballo, director do Cisneros, levou con el colexiais que xa eramos vellos no Colexio Guadalupe como fermento do Cisneros. El é parte da miña biografía, porque Lago Carballo non era galego pero considereino galego porque era de Ponferrada. E alí, no Cisneros, estiven varios anos. Eu coñecín a Fraga Iribarne cando estaba no Colexio Guadalupe, porque Fraga Iribarne, cando eu cheguei a Madrid, era xefe de protocolo do Instituto de Cultura Hispánica, do que dependía o Colexio Guadalupe. Entón, coñecín a Fraga e coñecín ó seu irmán Pepe, que morreu afogado no río, en Lugo, e que era un home moi intelixente. Recordo a Manuel Fraga cunha grande fidelidade ó seu irmán Pepe e creo que esa fidelidade é unha característica de Manolo Fraga, que eu teño que recoñecer e pola que deito sempre homenaxe. A Xesús Alonso Montero coñecino porque estaba estudiando na Facultade de Filosofía e Letras. Eu non fixen os cursos comúns con eles, porque deixei Dereito e empecei Filosofía e Letras un pouco tarde, pero xunteime a eles na especialidade. Nesa época, Xesús e mais eu tiñamos amizade con rapazas do curso. El casou con unha e eu casei con outra, as dúas chamábanse Emilia e os dous separámonos delas, creo que para nosa fortuna. A Uxío Novoneyra coñecino moito máis tarde.

M.— ¿En Madrid tamén fixeches, logo, cursos de Dereito?

J. A. V.— Fixen cursos de Dereito porque non quería traizoar este desexo do meu pai de que fixera unha carreira que tivera éxito, coa que puidera gañar diñeiro, ser notario ou rexistrador..., pero chegou un momento en que o Dereito deixoume de interesar por completo e xa me dediquei enteiraamente á Filoloxía. En Filoloxía tiven un mestre, ó que tamén lle quero render homenaxe, que foi don Rafael Lapesa. Tamén ensinaba alí Dámaso Alonso, pero Dámaso repetía sempre as mesmas cousas, non facía cursos novos. Lapesa si, Lapesa actualizaba o ensimo todo o tempo, levaba as súas fichas e era o único que, verdadeiramente, tiña unha altura universitaria, porque Dámaso o que facía expoñíao no Instituto de Humanidades de Ortega y Gasset, pero non na Universidade. Na Universidade el tiña un axudante recoñecido que se chamaba Pensado — que creo que despois foi catedrático e que era galego—, pero que eu sempre digo que máis que Pensado era pesado.

M.— ¿Cando casas e cando comezas a ter fillos?

J. A. V.— Casei pouco despois de licenciado e, coa miña formación católica, de seguida embarcei á miña muller, axiña proceei. Ademais, a miña muller non debeu de levar moi ben a conta, como soe pasar coas primeirizas. O caso é que fun facer as prácticas da milicia universitaria a Ceuta, ela veu comigo e o parto adiantouse, ou sexa que o resultado foi que a miña filla naceu en Ceuta, no ano cincuenta e cinco, creo.

M.— ¿Como, cando, e onde cumpriches o servizo militar? ¿Deixou algunha pegada na túa obra ou algo significativo que queiras salientar?

J. A. V.— Fixen as milicias en dous veráns en Ceuta e o campamento realiceino no Campamento da Graxa. Deixou un produto lírico que é unha vergonza, pois é peor cós meus primeiros poemas católicos da época da adolescencia. O caso foi que a miña muller se puxo con dores do parto, houbo que facer vir a súa nai de Madrid e eu estaba destacado nun destacamento militar, na serra, nun sitio que se chama Telata. O exército é moi convencional, pero eses destacamentos había que facelos, eran unha parte da formación militar. O problema é que a miña muller estaba a punto de parir e a miña muller estaba soa coa nai en Ceuta. Eu estaba no campamento e entón pedínlle ó comandante, que era o xefe que mandaba alí, no campamento, que me dera permiso para baixar a asistir a miña muller, acompañala a ela e a nai, que estaban soas en Ceuta, nunha cidade que non coñecían. O comandante díxome: “mira, eu non che podo dar permiso, o único que pode dar permiso é o coronel, que vai vir o domingo, ou sexa, dentro de tres días, ímoslle dar unha comida, e eu voulle falar do teu caso a ver se conseguimos que che faga baixar”. Eu estaba alí, había unha mesa moi longa con todos os oficiais, o coronel, o comandante, os capitáns... Nun momento vin que o comandante falaba co coronel e miraban cara min; pensei, pois, que lle estaría falando do meu problema. O comandante, despois de falar co coronel en voz baixa, fíxome un xesto para que me acercara. Fun alí e o comandante díxome: “creo que ti es poeta” — porque, no entretanto, xa me deran o Premio Adonais, e a noticia chegara ó cuartel, non sei como—. Eu díxenlle: “sí, mi comandante” e el ordenoume: “pois fai un verso”. Eu por pouco caí desmaiado, e díxenlle: “pero un verso non se pode facer así, teño que ter unha inspiración, teño que estar retirado”. Entón, contestoume: “¿pero ti es poeta ou non?”. Dixen: “sí señor”. “— Pois fai un verso ¡carallo!”. Entón eu dixen: “ás súas ordes”. Marchei para o meu sitio, collín unha servilleta de papel, e escribí un verso, un “ovillejo” que terminaba dicindo “Viva Regulares Tres”. Levanteime, lino e tiveron un éxito tremendo, aplaudíronme moitísimo, coma tolos. O comandante chamoume outra vez e díxome: “o coronel está encantado, está encantadísimo, improvisa outro”. Entón, eu díxenlle: “pero mire, meu comandante, — xa eu collín máis serenidade—, vou compoñer outro máis longo, moito mellor feito e mellor construído, porque este tiveron que improvisalo e quérome retirar un momento ó meu cuarto”. O cuarto estaba na mesma residencia e retireime a el, onde tiña as obras de Rubén Darío que estaba reseñando para *Índice*, unhas obras completas que —estará a reseña en *Índice* deses anos— editara a editorial Aguilar. Entón collín e copiei un anaco da salutación “Al rey Oscar” de Rubén Darío, coa seguridade de que, claro, aqueles animais pois non... Entón, lin iso de que mentres haxa unha América que achar, vivirá España. Lin aquilo, porque me parecía unha cousa patriótica e que podía levantar unha euforia militar. Pero, para a miña sorpresa, tiveron moito máis éxito co meu poema que Rubén Darío coa salutación ó rei Oscar. Gustoulles, si, pero non era o mesmo. O outro remataba co verso “Viva Regulares Tres”. O que non sei moi ben é se era tres ou dous, creo que era dous, porque creo que rimaba con “Dios”, “dos-Dios”, debía de ser “Regulares Dos”. Eu sentínme moi fero de min porque lle gañei a Rubén Darío. ¡Que historias me fas contar!

M.— ¿Como comezaches a colaborar, xa nos anos corenta, nada máis chegar a Madrid, en *La Hora. Semanario de los estudiantes españoles*?

J. A. V.— Porque estaba no Colexio Cisneros e o director tiña contactos, porque esa era unha revista do SEU, pero non colaborei moito, debeu de ser por intermediación do director de Cisneros.

M.— ¿Como chegaches a outras revistas como *Espadaña*, *Alcalá*, xa nos anos cincuenta, e, sobre todo, a máis importante, a estes efectos, que é *Índice*, onde pasas a desempeñar un gran labor? ¿Canto tempo estiveches de secretario de *Índice*? ¿dous anos? ¿Como inicias as túas colaboracións en *Ínsula*?

J. A. V.— A *Índice* cheguei porque Figueroa buscaba un secretario de redacción e, entón, propuxéronme a min, ou sexa que xa cheguei a *Índice* como secretario, non colaborara antes. Creo que Figueroa contactou comigo a través do director do Colexio Cisneros e empecei a traballar. Estiven de secretario de *Índice* dous anos, máis ou menos. Nese tempo colaboraba moito en *Ínsula*, colaboraba nas dúas revistas, que era o que había en España nese momento. En *Espadaña* colaborei porque axiña establecín relación con Eugenio de Nora, que é unha persoa pola que teño un gran afecto, creo que foi un dos bos escritores desa época que soubo calar a tempo. En *Alcalá* colaboro, pero pouco, alí son colaboracións un pouco incidentais. En *Ínsula* e *Índice* son sistemáticas. Boa parte dos meus ensaios que están en *Las palabras de la tribu* publicáronse en *Ínsula* e en *Índice*.

M.— ¿Que representou a serie “Once poetas”, que comezaches a facer en *Índice* e que, dalgunha maneira mostra o teu momento menos hostil ó postulado xeracional, porque, realmente, son poetas da túa idade?

J. A. V.— Creo que si, que representa un intento de agrupar a xente, unha xente que, máis ou menos, pensaba como podía pensar eu sobre a poesía. Certamente é o momento en que eu podo crer que hai unha cohesión xeracional, pero, en efecto, esa cohesión xeracional existía nese momento, que era o momento de partida e que despois se converte no que teño chamado “a carreira do corredor de fondo”, onde ti corres só. Pero nese momento é o momento en que todos os corredores están na liña de partida e ese é o momento que quere reflexar ese comezo de colaboración en *Índice*, que non seguiu. Non sei con quen me podería quedar de todos eses nestes momentos. Con Costafreda.

M.— Naquela época tamén proxectaches unha tese de doutoramento sobre a interpretación das fontes latinas feitas polos redactores da *Crónica General*. ¿Quen cha dirixía, por que che interesaba ese tema e, tamén, por que non a fixeches?

J. A. V.— Porque marchei a Oxford e xa despois cambiei. A min o tema interesábame porque eran as fontes poéticas da prosa castelá. Interesábame o problema das fontes, porque o que fai a *Crónica* é amplificar, fai unha traducción amplificativa das fontes poéticas e iso parecíame un tema interesante. Ademais, probablemente, eu nesa época

tiña lido bastante a María Rosa Lida de Malquiel e, probablemente, influíame todo iso. Pero foi un proxecto que despois deixei porque xa marchei para Inglaterra. Non estaba moi pensado quen ma dirixira, eu buscaba un director que non me molestase moito e creo que escollín o catedrático Rafael de Balbín Lucas —que non era un home moi enterado—, especialista en métrica, pero que non sabía gran cousa.

M.— ¿Como ingresas, en 1955, no Departamento de Estudios Hispánicos da Universidade de Oxford?

J. A. V.— Cando estaba na Facultade, na Universidade de Oxford, xa buscaban un lector, ben, non un lector porque a Universidade de Oxford non tiña lector, ou sexa que eu ingresei na Universidade de Oxford co título de *lecturer*, non de lector, de *lecturer*, que era o que era don Alberto Jiménez Fraud. Entón, claro, había un *fellow* de Queen's College, Gordon Chapman, que facía parte do departamento de español e que era amigo meu, que me contactou e que lle interesou a miña orientación das cousas. El propúxome a Peter Russell, que era o director do departamento, antes de que eu tivera o título de licenciatura. Despois, fixen o exame de licenciatura, tiven premio extraordinario e inmediatamente me contrataron para Oxford. O precontrato estaba xa feito e entón marchei inmediatamente para Oxford. Alí, evidentemente, tiven moita relación con Peter Russell que era, sobre todo, un historiador que coñecía bastante ben o mundo hispano. Era un home de esquerdas, que xa me plantexou a visión da historia de España dende unha perspectiva diferente, porque, ademais, fixome poñer en dúbida o predominio da dictadura de Menéndez Pidal, xa me falou de que a interpretación de Menéndez Pidal non era de recibo e empezaron a vacilar en min certos dogmas da Universidade española. O meu período de Oxford caracterízase polo nacemento en min dunha forte oposición crítica con respecto ó ensino da literatura en España. Alí déronme o título de *Master of Arts* polo meu traballo no ensino.

M.— ¿Como foi a túa vida en Oxford? ¿Fuches xa coa túa muller e filla?

J. A. V.— Fun cunha nena, que foi a nena que tiña nacido en Ceuta e despois, en Oxford, naceu o meu fillo, no 56, e despois veu tamén a nai da miña muller. Alí vivía modestamente porque tiña un salario que non era moi elevado, pero estaba moi a gusto, porque ademais traballaba moitísimo, pasaba moita parte da miña vida metido na Biblioteca Bodleiana. Alí empecei a traballar sobre a presenza de libros españois en Inglaterra nos séculos dezaseis e dezasete. Como en xeral as bibliotecas inglesas están organizadas por doazóns, eu podía ver, exactamente, o que tiña lido un *gentleman* inglés no século dezasete, porque estaba alí a lista dos seus libros. Vin que se lía moito libro español en tradución, pero tamén moito libro español no orixinal, porque para os ingleses, nesa época, o inimigo principal que tiñan era España e interesáballes coñecela ben. Entón, había moitísimo libro. Eu fixen unha escolleita dos libros e quedeime cunha gran masa dos libros de cabalerías —que estaban moi presentes alí—, pero, logo tamén con moitos libros de devoción. Creo que a relación que hai entre a poesía española do século dezasete e a poesía inglesa da escola de

John Donne vén da lectura das mesmas fontes, porque Inglaterra con Cromwell, quedou cortada da literatura de espiritualidade e, entón, os xesuítas, que estaban no outro lado do estreito, bombardeaban Inglaterra con envíos clandestinos de libros católicos. Traducíanse e pasaban o orixinal. En contraste, eu teño estudiado iso, por exemplo, con libros de Quevedo convertidos en libros contra o Papa, pois traducían os libros de Quevedo convertidos en libros antipapistas, facían dos libros de Quevedo propaganda contra Roma. Pero hai unha gran presenza da literatura española, hai unha presenza que é evidente en Shakespeare, mesmo.

M.— Dende alí mandas crónicas sobre a vida social e universitaria en Inglaterra, concretamente en Oxford, que se publican, por exemplo en *Índice*, ¿realmente interesábase aquela vida social, cultural, universitaria... e integrácheste, nalgunha medida, nela? ¿Qué importancia tivo para ti alí Alberto Jiménez Fraud?

J. A. V.— Si, integreime bastante porque eu, como *lecturer*, tiña que formar parte dun College e facía parte do Wadhan College, que era un colexio que dirixía Sir Maurice Bowra, que tiña estudiado a poesía simbolista. Ou sexa que para min ese contacto cos mundos do colexio de Oxford, co meu e, tamén, co Queen's College, porque estaba alí o *fellow* que me tiña levado, foi importante, tiveron bastante relación coa vida dos colexios ingleses. Pero debo dicir que o elemento principal para min, en Oxford, foi don Alberto Jiménez Fraud. Don Alberto púxome en contacto cunha historia española que eu descoñecía, porque eu tiña sido curtado desa historia, de aí a importancia que ten o meu encontro con Jiménez Fraud. Para min, don Alberto é como unha figura paterna, eu son un pouco fillo de don Alberto.

M.— ¿Dende Oxford volves a España ou xa vas directamente a Xenebra?

J. A. V.— Non, eu tiña pensado voltar a España para seguir a miña carreira universitaria, pero, nese momento, cando estaba pensando en voltar e facer unha tese e seguir todos os pasos que había que dar para entrar nunha Universidade que era bastante deplorable, escribíronme de Xenebra dicindo que estaban facendo, organizando as seccións de tradución dos organismos internacionais e...

M.— E alí, como funcionario da O.N.U., inauguraría unha etapa que duraría máis da metade da súa vida e que aínda non tivo remate, pois segue compartindo residencia en Xenebra xunto a París e Almería. Pero este itinerario terá xa que ser obxecto doutra entrevista.